



ROLES - RUGBY CINTA

Encargados do material:

- No espazo dispoñible, marca dous campos en sentido transversal utilizando as liñas, a través de conos. Dividir a pista en dous campos de rugby. Sinala as zonas de ensaio colocando catro conos, ou diferenza con cores.
- Recoller balóns no cuarto de material, un ou dous por equipo e ó final da sesión seredes os encargados de recoller conos e balóns, vixiar que non quede nada no patio/pista.

Adestrador:

- Dirixir o quecemento.
- Realizar os exercicios co teu equipo, preocupándote de que todos os executen correctamente.
- Ensina a técnica os compañeiros e preocúpate de que melloren.
- É o encargado de organizar os cambios cada 2 minutos.

Capitán:

- Representa ó teu equipo. Realiza o sorteo inicial.
- Debes asegurarte que as cintas dos compañeiros están ben colocadas. En caso contrario serás ti o expulsado ó inicio do xogo, en xogo será o que leva mal as cintas.
- Preocúpate de que todo o equipo este colocado na zona de gol para comezar, esperando o pitido inicial do profesor.
- Durante o partido, anima os teus compañeiros para que xoguen en equipo.
- Será o encargado de dirixirse o profesor/a ó largo da sesión.
- Trata de solucionar posibles conflitos.
Deberás ser sempre o primeiro á hora de facer o pasillo ó perdedor.
- Ó final do partido, comunica o resultado ó profesor e anota no documento de rexistro.



Rugby cinta – Marco escolar

Xogador:

- Escoita atento ó adestrador e ó capitán cando falen e mantén contacto visual con eles.
- Debes realizar o pasillo ó acabar o encontro.
- Esfuerzo por cumprir as regras do xogo e realizar as actividades/exercicios.
- Xoga limpo e intenta facelo o mellor posible.
- Respecta as regras e non protestes nunca.

Árbitro:

- Antes de comezar o partido, repasa co teu equipo as regras do xogo.
- Si se dera o caso, sinala con autoridade as faltas cometidas polos teus compañeiros que non sexan recoñecidas.
- En caso de dúbida te reunirás con outro árbitro (linear) e deberás tomar tomar unha decisión sobre a acción en cuestión.

Comité disciplinario: 1 membro fixo

- Detecta os xogadores que non cumpren as regras ou non xogan en equipo e trata de convencelos da importancia de respectar as normas.
- Si non ten efecto o aviso, determina unha sanción educativa.
- Impón as sancións os xogadores expulsados



ROLES DE ARBITRAXE – NORMAS DO XOGO

1. Comproba que o campo este ben delimitado e marcado.
2. Verifica que as **cintas** están **ben** colocadas. (Responsabilidade do capitán do equipo). En el caso de que un xogador faga trampa será expulsado temporalmente o capitán do equipo.
3. Para **empezar o partido** o equipo que gana o sorteo pegará una patada o balón a campo do equipo contrario. Si a patada vai directamente fora sacará o equipo contrario dende o medio de campo. A patada non debe sobrepasar a altura dos ombros.
4. O xogador en defensa debe quitar a cinta ó atacante e debe gritar CINTA e deixala no chan onde quitou a cinta (non vale lanzar lonxe) considerase falta.
5. Os defensores **non** poden **empuxar, bloquear, impedir** o avance do atacante salvo quitando as cintas.
6. Solo se poden quitar as cintas ó xogador que ten o balón.
7. **Non** se pode **bloquear** nin facer pantalla a ningún xogador nin en ataque nin en defensa.
8. O **atacante**: Cando che quiten unha cinta debes **pasar INMEDIATAMENTE** o balón a un compañeiro (recorda sempre cara atrás).
9. Os **pases** deben ser sempre cara **atrás**. No caso de que o atacante lle caia o balón cara diante sacará o outro equipo.
10. Para poñer o **balón en xogo** debemos tocar o balón co **pé** previamente. Os **defensores** deberán estar a **5 metros**.
11. O equipo defensor deberá ir contando en voz alta o número de cintas quitadas.
12. Despois de quitar **5 cintas** cambia a posesión do balón o equipo contrario.
13. Si un xogador pisa a liña de lateral é **fora** e saca o outro equipo dende onde saíu.
14. O xogador que saca non pode marcar un ensaio sen pasar antes o balón a un compañeiro.
15. **FORA DE XOGO**:
 1. Do defensor: Cando se pasa o balón, o defensor deberá estar sempre detrás do balón, nunca por diante del (Voitre).
 2. No momento que o outro equipo pon o balón en xogo debemos estar sempre a 5 metros.
 3. Do atacante: Un xogador por diante do balón sempre que interveña en fora de xogo, falta.
16. En caso de que percibas que un xogador ten as **cintas mal** colocadas debes chamar ó **capitán** para advertirillo e en caso de reincidencia expulsalo.